



SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL DE 10 DE AGOSTO DE 2015

Na Casa do Concello de Ferrol, sendo as trece horas e corenta minutos do día arriba indicado reuniuse o Pleno da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Ferrol, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia de Jorge Juan Suárez Fernández, Alcalde de Ferrol, e a asistencia das seguintes persoas:

- Concello de Ares: Julio Ignacio Iglesias Redondo, Alcalde.
- Concello de Cabanas: Germán Castrillón Permuy, Alcalde.
- Concello de Fene: Juventino José Trigo Rey, Alcalde.
- Concello de Ferrol: Beatriz Sestayo Doce, Segunda Representante do Concello de Ferrol.
- Concello de Mugardos: Juan Domingo de Deus Fonticoba, Alcalde.
- Concello de Narón: Marián Ferreiro Díaz, Representante do Concello de Narón.
- Concello de Neda: Ángel Alvariño Saavedra, Alcalde.
- Concello de Valdoviño: Alberto González Fernández, Alcalde.

Asistidos polo Secretario Leopoldo Moure García, polo Interventor Manuel Vázquez Fernández e polo Xerente Luis Alcalá Baillie, ó obxecto de celebrar sesión ordinaria.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Por unanimidade das persoas asistentes, acórdase aprazar este punto á seguinte sesión.

2. Presentación de informe de cumprimento de prazos da Ley 15/2010 no segundo trimestre de 2015.

Queda presentado o informe de cumprimento de prazos da Ley 15/2010 no segundo trimestre de 2015.

3. Dictame da conta Xeral do exercicio 2014.

Examinada a proposta que eleva o Presidente da Mancomunidad, que textualmente di:

“PROPOSTA PARA ELEVAR A CONTA XERAL A DITAME DA COMISION ESPECIAL DE CONTAS – PLENO DA MANCOMUNIDADE.

Pola Intervención Xeral remítese, para a súa tramitación oportuna, a Conta Xeral desta Mancomunidad correspondente ao exercicio económico 2014.

A Conta Xeral regúlase nos artigos 208 a 212 do TRLRFL, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, no Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, así como na Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, aprobada por Orde do Ministerio de Economía e Facenda 4041/2004, de 23 de novembro.

Segundo determina o art. 209 de devandita Lei, a Conta Xeral estará integrada por:

- a) A da propia entidade.*
- b) A dos seus organismos autónomos (non é o caso desta Mancomunidad).*
- c) A das Sociedades Mercantís de capital integramente propiedade das mesmas (non é o caso desta Mancomunidad).*

Así mesmo, como documentación complementaria debe unirse á Conta Xeral, en virtude do disposto na regra 101, as contas anuais das Sociedades mercantís en cuxo capital teña



participación maioritaria a Entidade Local. A Mancomunidade carece de organismo autónomos e sociedades, polo que a Conta Xeral é só a da propia entidade.

De conformidade co establecido no art. 212 do TRLRHL, a rendición da Conta Xeral, formada pola Intervención, corresponde ao Presidente da Entidade Local.

Polo demais, no que se refire á súa tramitación, dita Conta Xeral, será sometida a informe da Comisión especial de Contas, cunha antelación mínima de 15 días segundo a Lei de réxime local de Galicia, para posteriormente, como dispón o art. 212 citado, quedar exposta ao público por prazo de quince días, durante os cales e oito mais, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos e observacións. Nesta caso, a Conta Xeral sométese directamente a informe do Pleno da Mancomunidade, ao no estar constituída a Comisión especial de Contas

De producirse reclamacións, someteranse a exame e comprobación da Comisión especial de Contas (ao Pleno, polas razóns anteriores) que emitirá novo informe.

Acompañada dos citados informes da Comisión especial de contas (do Pleno, polo xa dito) e das reclamacións, reparos e observacións formulados, a Conta Xeral someterase ao Pleno da Mancomunidade.

Para rematar, a Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol renderá ao Tribunal de Contas ou órgano de control externo que corresponda, a Conta Xeral debidamente aprobada.

Por todo o anterior, sométese a ditame do Pleno, actuando en calidade de Comisión especial de Contas, a Conta Xeral da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol correspondente ao exercicio económico 2014 nos termos que constan no expediente e integrada exclusivamente pola Conta da propia entidade

Ferrol, a 6 de agosto de 2015

O PRESIDENTE

Asdo: Jorge Juan Suárez Fernández"

As persoas asistentes acordan por unanimidade aprobar a proposta arriba transcrita.

4. Dar conta da reunión mantida con Augas de Galicia en relación co tratamento de augas residuais e posibilidade de mancomunar servizos.

O Presidente da Mancomunidade informa de que a Xunta de Galicia comprometeuse a enviar unha proposta de convenio para un servizo de tratamento de augas residuais compartido entre concellos.

Os representantes dos concellos non afectados ou afectados parcialmente por este asunto expoñen a súa situación particular expresando a vontade de colaborar en todo aquilo que poida ser de interese para o seu municipio.

Acórdase someter este asunto a análise a través dun estudo no que se consideren todos os aspectos do ciclo da auga susceptibles de ser mancomunados, que inclúen ademais da xestión das estacións depuradoras cuestións como o consumo de enerxía eléctrica ou a reparación de tuberías.

5. Dar conta da situación de Terracán.

O Presidente da Mancomunidade informa da situación das instalacións nas que asociación Terracán alberga cans en Vilabuíde.

Jorge Suárez explica que para dar cumprimento á resolución da Consellería de Medio Ambiente,



Territorio e Infraestruturas sobre este asunto, é necesario trasladar os animais de Vilabuíde a un centro autorizado.

O alcalde de Ferrol indica que ao tratarse dun número estimado en 100 animais, dita cantidade non pode ser asumida directamente polo refuxio mancomunado de animais de Mougá, polo que as opcións das que se dispón neste momento son: ou ben ampliar as instalacións de Mougá; ou ben albergar temporalmente os cans nun centro privado mentres se procura a súa adopción ou incorporación progresiva ao refuxio de Mougá.

O alcalde de Ares propón solucionar o problema apoiando á entidade Terracán.

O xerente da Mancomunidad explica que esta opción iría en contra do indicado pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e o Servizo de Urbanismo do Concello de Ferrol, e engade que a través do Valedor do Pobo tamén se reclamou o peche das instalacións de Vilabuíde.

Tra-la deliberación sobre este asunto, acórdase continuar estudando opcións para solucionar o problema respectuosas co benestar animal.

6. Proposta de apoio á solicitude do Club Praia de Pantín para a declaración do evento "Pantín Classic Pro" como Festa de Interese Turístico de Galicia.

Examinada a proposta que eleva o presidente da Mancomunidad que textualmente di:

"PROPOSTA DE APOIO Á SOLICITUDE DO CLUB PRAIA DE PANTÍN PARA A DECLARACIÓN DO EVENTO "PANTÍN CLASSIC PRO" COMO FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA.

O Club Pantín Classic solicitou o apoio da Mancomunidad de Concellos á iniciativa deste club para a declaración do evento Pantín Classic Galicia Pro como festa de interese turístico de Galicia.

A Lei 7/2011, do 27 de outubro, de Turismo de Galicia, valora positivamente calquera elemento que contribúa a mellorar a oferta lúdico-promocional de turismo en Galicia, incluíndo entre outros, aos eventos deportivos, como demostración da acollida e hospitalidade aos turistas que visiten Galicia.

O artigo 3 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia enumera, como requisitos que deben concorrer para a dita declaración, a antigüidade, singularidade, arraigamento, valor cultural e continuidade no tempo.

A realización do evento Pantín Classic constitúe un referente deportivo e turístico para todo o xeodestino de Ferrolterra, como o demostran os seguintes datos:

- 1. A gran afluencia de público estimada entre 30.000 e 35.000 persoas convirte á comarca nun referente deportivo e dinamizador da economía.*
- 2. A estancia media dos visitantes nacionais e internacionais é superior a 3 días coa conseguinte necesidade de aloxamento nos concellos da comarca.*
- 3. A presenza continua do evento nos medios audiovisuais, prensa escrita, internet e medios sociais da lugar a un maior coñecemento deste evento e por extensión da comarca de Ferrolterra.*
- 4. A realización de 27 edicións consecutivas, estando activa a 28º para este 2015, dá lugar á consideración deste evento como un referente estival, coñecido en todo o mundo.*

Por outra parte, o artigo 5.c) da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do Turismo de Galicia, enumera entre as competencias dos Concellos a de promover a declaración de festas de interese turístico.

No artigo 10 do mencionado Decreto 4/2015 regúlase o procedemento para a dita declaración e recoñécese expresamente a posibilidade de que a solicitude parta dunha entidade de carácter privado.

Á vista do exposto, considerando que neste Evento concorren todos os requisitos



necesarios para acadar a consideración de Festa de Interese Turístico de Galicia **PROPONSE:**
Único.- Que a Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol apoie expresamente a solicitude do Club Praia de Pantín para a declaración do evento PANTÍN CLASSIC GALICIA PRO como Festa de interese turístico de Galicia.

Ferrol, 6 de agosto de 2015

O Presidente da Mancomunidad

Jorge Juan Suárez Fernández"

As persoas asistentes acordan por unanimidade aprobar a proposta arriba transcrita.

7. Impulso e seguimento de servizos e proxectos

Este asunto foi abordado en puntos anteriores.

8. Reunión informativa con representantes da Asociación Galega de Apicultura sobre o problema da vespa velutina.

O Pleno recibe a Rafael Díaz Nieto e Jorge Lema da Asociación Galega de Apicultura, que explican a situación provocada pola presenza da vespa velutina e as medidas que poden adoptarse fronte a este problema.

Logo de escoitar esta información, as persoas asistentes acordan por unanimidade:

1. Redactar un convenio de colaboración coa Asociación Galega de Apicultura que contemple accións como a adquisición de traxes para os labores de retirada de niños de vespa velutina e a impartición de formación para esta tarefa.
2. Solicitar da Xunta de Galicia apoio económico para estas accións.
3. Reclamar da Xunta de Galicia máis medidas para combater este problema.


9. Rogos e preguntas

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia declara levantada a sesión, sendo as quince horas, de todo o que, como Secretario, DOU FE.

O Presidente da Mancomunidad

Asdo: Jorge Juan Suárez Fernández



O Secretario da Mancomunidad

Asdo: Leopoldo Moure García

